

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 22 DE SETEMBRO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproba a fusión voluntaria dos municipios de Cerdedo e Cotobade e se constitúe o municipio de Cerdedo-Cotobade.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Decreto polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Decreto polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba a revisión efectuada dos procedementos administrativos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para os efectos da súa incorporación á sede electrónica mediante Orde do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun protocolo de cooperación entre a Consellería de Facenda, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela, para a dotación da futura Facultade de

Medicina e Odontoloxía da Universidade de Santiago e o traslado das instalacións asistenciais do Hospital Gil Casares.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se aproba definitivamente a modificación nº2 do Proxecto sectorial do parque empresarial das Gándaras (Lugo).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Federación Galega de Xóvenes Empresarios para a realización de actividades relacionadas cos servizos da Unidade Galicia Emprende, por un importe total de cento seis mil douscentos sesenta e tres euros con sesenta céntimos (106.263,60€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica, a Asociación de Centros Tecnolóxicos de Galicia e os centros integrantes desta asociación para a detección e análise de oportunidades sectoriais para as empresas industriais galegas no vieiro da Industria 4.0, por un importe total de catrocentos sesenta e catro mil douscentos oitenta e cinco euros con setenta e un céntimos (464.285,71€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) para o desenvolvemento de actividades no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, por un importe total de setenta e dous mil euros (72.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda ao Acordo, asinado o 18 de setembro de 2015, de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional e nas ensinanzas deportivas, por un importe total de trescentos oitenta e nove mil novecentos dezanove euros e sesenta e nove céntimos (389.919,69€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Informe sobre as novas medidas de impulso da rehabilitación.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o reforzo dos cadros de persoal técnico dos servizos sociais comunitarios municipais no marco do Plan concertado.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO DA FUSIÓN VOLUNTARIA DOS CONCELLOS DE CERDEDO E COTOBADE

- *O novo municipio denominarase Cerdedo-Cotobade*
- *A Xunta dará traslado deste decreto á Administración do Estado e a resolución publicarase no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da provincia correspondente e no Boletín Oficial del Estado*

O Consello da Xunta, na súa xuntanza semanal deu luz verde hoxe o proxecto de decreto polo que se aproba a fusión voluntaria dos concellos de Cerdedo e Cotobade, logo de que o Consello Consultivo emitise informe favorable a semana pasada.

O decreto regula a fusión voluntaria dos municipios de Cerdedo e Cotobade, que se unen para dar lugar a un novo municipio, denominado Cerdedo-Cotobade, con capitalidade no núcleo da Chan, na parroquia de Carballedo do actual termo municipal de Cotobade.

O Goberno galego foi o primeiro en abrir o debate sobre a necesidade de estimular a cooperación municipal e xa desde a lexislatura pasada está a apostar por diversas fórmulas de colaboración municipal, animando os concellos a que mancomunen os seus servizos e a que cooperen entre eles.

Ambos os concellos consideran que desta fusión derivarán importantes vantaxes en canto á prestación de servizos, xa que segundo xulgan os concellos, o novo municipio xurdido da fusión, estará en disposición de garantir unha prestación de servizos máis eficaz e eficiente sen mingua da calidade da democracia local.

O expediente iniciárono, con carácter voluntario, os concellos no mes de marzo de 2016 coa aprobación polos respectivos plenos dos concellos interesados en xullo. Posteriormente o expediente obtivo informe favorable da Deputación de Pontevedra, da Comisión Galega de Delimitación territorial, así como ditame favorable do Consello Consultivo o 14 de setembro.

O decreto aprobado hoxe tamén prevé que se nomee unha comisión xestora da cal formarán parte todos os concelleiros e concelleiras dos municipios de Cerdedo e Cotobade, que deberá ocuparse de rexer e administrar o novo municipio ata as vindeiras eleccións municipais.

A Xunta dará traslado deste decreto á Administración do Estado segundo a Lei reguladora das bases de réxime local, e a resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial* da provincia correspondente e no *Boletín Oficial del Estado*.

A Xunta seguirá apoiando os concellos que aposten pola cooperación como xa o fixo priorizando todas as liñas de axuda aos municipios que cooperen entre si, priorizando as infraestruturas do benestar aos concellos que cooperen entre si, instaurando un recoñecemento por parte do Goberno galego a aqueles concellos que presenten proxectos de cooperación e que poñan en marcha, aprobando un convenio para que os concellos poidan cooperar sen necesidade de establecer ningún mecanismo administrativo intermedio que veña a incrementar o aparato burocrático das entidades locais.

A XUNTA APROBA O REGULAMENTO DA NOVA LEI DO SOLO DE GALICIA SÓ SEIS MESES DESPOIS DA SÚA ENTRADA EN VIGOR

- *Trátase dun regulamento integral que inclúe a xestión, planeamento e disciplina, co fin de facilitar aos técnicos o traballo de aplicación*
- *O texto atende á totalidade das observacións de legalidade realizadas polo Consello Consultivo de Galicia*
- *Deste xeito, a Lei 2/2016, do solo, convértese na primeira da historia de Galicia co seu propio regulamento*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o regulamento da nova Lei do solo de Galicia, tan só seis meses despois da súa entrada en vigor. Deste xeito, dáse cumprimento á disposición derradeira quinta do texto lexislativo, que prevía o prazo dun ano para poñer en marcha o regulamento de desenvolvemento.

O texto aprobado hoxe atende á totalidade das observacións de legalidade realizadas polo Consello Consultivo e é froito da aceptación do 60 por cento das alegacións presentadas durante o proceso de participación pública. O regulamento permaneceu dispoñible na web da Consellería e mantivéronse reunións de traballo con concellos e entidades do ámbito para acadar o máximo consenso, ao igual que sucedeu durante a tramitación da Lei do solo.

O obxectivo do regulamento é facilitar a aplicación da Lei entre os axentes que interveñen na transformación do territorio: técnicos das administracións, arquitectos, arquitectos técnicos, enxeñeiros, rexistradores, etc. Ao mesmo tempo, clarifica a interpretación do texto lexislativo e proporciona seguridade xurídica, a través de elementos como a definición de conceptos urbanísticos homoxéneos para todos os concellos, ou o modelo de ficha resumo con todos os datos que recolle un plan xeral de ordenación municipal (PXOM).

Trátase dun regulamento integral, que inclúe a xestión, o planeamento e a disciplina, o que facilitará considerablemente a súa aplicación, xa que unifica e substitúe os tres regulamentos que existen actualmente: os estatais de planeamento e xestión, vixentes desde 1978, e o autonómico de disciplina, aprobado en 1999.

Deste xeito, a Lei 2/2016, do solo, convértese na primeira da historia de Galicia que conta co seu propio regulamento, redactado polo mesmo persoal técnico da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo que redactou o texto lexislativo e que estivo traballando, paralelamente, nestes dous textos que conforman o novo marco normativo urbanístico galego.

Lei do solo

O Goberno galego dá así un paso máis na ordenación e protección do territorio. Este traballo iniciouse na lexislatura pasada coa aprobación das directrices de ordenación do territorio e o plan de ordenación do litoral, e continuou coa entrada en vigor, en marzo deste ano, da nova Lei do solo, un dos textos normativos máis importantes da actual lexislatura.

A súa relevancia baséase en diversos motivos, entre os que destaca que é unha lei de país, froito dun amplo proceso de participación pública, estende as vantaxes do planeamento a todo os concellos, e revitaliza o rural, potenciando os usos produtivos do rural de forma compatible cos seus valores naturais e culturais.

Outros valores dese novo texto normativo é o feito de que se reducen os trámites administrativos, axilizándoos e simplificándoos, sen diminuír o control, impulsa a rehabilitación para rendibilizar o patrimonio e defende a paisaxe galega, promovendo que as construcións se adapten ao contorno e fomentando o remate exterior das vivendas.

A XUNTA APROBA O DECRETO QUE CREA AS ENTIDADES DE CERTIFICACIÓN PARA FACILITAR A POSTA EN MARCHA DE NOVOS PROXECTOS EMPRESARIAIS

- *A iniciativa enmárcase na Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, que eliminou a licenza municipal e substituíuna por unha comunicación previa aos concellos*
- *As entidades de certificación de conformidade municipal (ECCOM), ás cales as empresas poden acudir de forma voluntaria, xestionan a dita comunicación previa e asumen a responsabilidade do seu contido fronte á Administración*
- *O regulamento foi consultado con todos os colectivos implicados, entre os que se atopan os colexios profesionais de arquitectos e enxeñeiros, a Enac ou a Fegamp*
- *A eliminación de barreiras administrativas para facilitar a actividade empresarial é unha prioridade para a Xunta, que activou a plataforma Doing Business na cal empresarios, emprendedores e profesionais poden denunciar os obstáculos con que se atopan e mesmo propoñer cambios na lexislación*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de Regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, que desenvolve a Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia no tocante á eliminación das licenzas municipais. Así, este regulamento crea as Entidades de Certificación de Conformidade Municipal (ECCOM), que facilitarán aos emprendedores as tramitacións que leven a cabo ante a Administración, achegándolles seguridade e garantías na posta en marcha dos seus proxectos.

A Lei do emprendemento suprimiu –con carácter xeral- a necesidade de licenza municipal de obra e actividade para o exercicio de calquera actividade económica, agás das que requiran un proxecto técnico de edificación. Deste xeito, para a posta en marcha dunha nova actividade empresarial é suficiente coa comunicación previa ao concello, xunto coa documentación que garanta, no caso de que sexa preciso, o cumprimento dos requisitos ambientais, de seguridade e salubridade.

Neste contexto, as ECCOM, ás cales as empresas poden acudir de forma voluntaria, facilitarán a presentación da dita comunicación previa, así como da documentación que se debe xuntar, certificando se a instalación ou actividade é conforme coa normativa sectorial e municipal. Estas entidades configúranse como as únicas responsables fronte ás administracións públicas do contido das certificacións, achegando seguridade ao investidor ao seren responsables de calquera erro na documentación ou na execución.

O regulamento aprobado hoxe, que entrará en vigor 20 días despois da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, estudouse e analizouse en distintas reunións mantidas con todos os colectivos implicados, entre os que se atopan os colexios profesionais de

arquitectos e enxeñeiros, a Entidad Nacional de Acreditación (Enac), a Asociación Galega de Organismos de Control Autorizados (Asgoca) ou a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

A Xunta dá así un novo paso na simplificación administrativa para levar a cabo novos proxectos empresariais, así como na súa seguridade e garantía. Entre os trámites que xestionan e dos cales responden as ECCOM atópase a memoria explicativa de actividade, a xustificación dos pagamentos dos tributos municipais, o proxecto e a documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade ou as autorizacións e informes que sexan preceptivos.

Estas entidades serán rexistradas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, logo da acreditación na Enac, e deben subscribir pólizas de seguro que cubran os riscos da súa responsabilidade.

A eliminación de barreiras administrativas para facilitar a actividade empresarial é unha prioridade para a Xunta, que activou ademais unha plataforma *Doing Business* na cal empresarios, emprendedores e profesionais poden denunciar os obstáculos con que se atopan e mesmo propoñer cambios na lexislación.

A XUNTA CONCLÚE O PLAN ACHEGA COA INCORPORACIÓN A SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE PRETO DE 1.400 PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS

- *No ano 2014 o Goberno galego puxo en marcha o 'Plan Achega', co obxectivo de acadar unha Administración máis áxil, eficiente e próxima nas súas relacións coa cidadanía*
- *Incorpóranse procedementos como doazón de fondos documentais en arquivos xestionados pola Xunta, rexistro de Bibliotecas de Galicia, autorización de actuación arqueolóxica, declaración de ben de interese cultural e a rede de dinamización lingüística*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo que incorpora á sede electrónica da Xunta, <http://sede.xunta.es>, un total de 21 procedementos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria mediante orde do Vicepresidente e Conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, concluindo así as actuacións de revisión e adaptación no marco do Plan Achega que remata coa incorporación de preto de 1.400 procedementos administrativos á sede electrónica.

Así, con esta última actuación, un total de 1.386 procedementos administrativos do sector público autonómico admite a súa presentación electrónica. Isto supón o 94,67 % dos procedementos que a Administración autonómica ten á disposición da cidadanía e das empresas. Unicamente o 5% dos procedementos administrativos se manterán polo de agora como presenciais por diversas causas funcionais ou tecnolóxicas.

Mediante esta última adaptación e simplificación dos procedementos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, remátanse as actuacións de revisión realizadas ao abeiro do Plan Achega, o que vai permitir un máximo grao de achegamento da Administración, reducindo as cargas administrativas, facilitando unhas relacións máis áxiles, sinxelas e eficaces e, en definitiva, axilizando así a prestación dos servizos públicos a disposición dos cidadáns.

Este último acordo aproba o resultado dos traballos de revisión de 91 procedementos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dos cales 60 procedementos foron dados de baixa por non ser utilizados ou por estar obsoletos, 21 procedementos incorpóranse para a sede electrónica e 10 procedementos xa foron incorporados á sede electrónica a través da súa propia regulación normativa específica.

Entre estes procedementos destacan, por exemplo, a doazón de fondos documentais en arquivos xestionados pola Xunta de Galicia, o rexistro de Bibliotecas de Galicia; autorización de actuación arqueolóxica; declaración de ben de interese cultural; rede de dinamización lingüística; inclusión dun ben no catálogo do patrimonio cultural de Galicia; solicitude de validación de módulos profesionais; admisión no réxime ordinario

en centros sostidos con fondos públicos de 1º, 2º e 3º curso de grao superior, e validación de módulos de ensinanzas profesionais, entre outros.

Plan Achega

Esta actuación englobase dentro do Plan de axilización administrativa 2014-2016 -Plan Achega-, un Plan que ten como obxectivo de acadar unha Administración máis áxil, eficiente e próxima nas súas relacións coa cidadanía, e que recolle unha serie de medidas concretas destinadas a revisar, dentro do período 2014-2016, os procedementos administrativos que aínda non permitían a súa iniciación electrónica para melloralos, simplificalos e posibilitar a súa presentación electrónica, como garantía do principio de celeridade que a Administración galega asume dentro dos seus compromisos de actuación.

Presentación de solicitudes

As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de conformidade co establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.es/chave365>).

Como alternativa, en 15 deles tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa vixente en materia de procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia sen prexuízo da obrigatoriedade da utilización de medios electrónicos por parte de determinados suxeitos de conformidade coa normativa vixente. En concreto, nos outros 6 procedementos, a sede electrónica configúrase como a canle de uso obrigatorio para a presentación das solicitudes, por ter como únicas destinatarias as entidades locais ou persoas xurídicas onde a súa capacidade profesional está garantida.

A XUNTA E A USC PECHAN O PROTOCOLO PARA DESENVOLVER A NOVA FACULTADE DE MEDICINA A CARÓN DO HOSPITAL CLÍNICO UNIVERSITARIO

- *A Xunta pasará a ocupar unha parte do actual inmoble, que usará para fins institucionais*
- *Nunha primeira fase, o proxecto executarase nunha parcela exenta de edificacións xunto ao Clínico e abordará as necesidades máis urxentes da titulación de Medicina*
- *A segunda fase desenvolverase no espazo ocupado polo Hospital Gil Casares e abordará as necesidades das titulacións de Odontoloxía e Enfermaría*
- *Ambas as partes contribuirán ao financiamento da construción do novo edificio*
- *No eido urbanístico, financiarán e elaborarán un plan sectorial do Campus Vida*
- *O Sergas comprométese a relocalizar os servizos asistenciais que se atopan no Gil Casares e a financiar a ampliación dos edificios do CHUS*
- *Educación levará a cabo parte do financiamento da actuación, e Facenda xestionará coa Seguridade Social o mantemento da cesión da parcela do Gil Casares*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o protocolo de cooperación entre a Xunta e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o desenvolvemento da nova Facultade de Medicina e Odontoloxía a carón do Hospital Clínico Universitario, e para o traslado das instalacións asistenciais que se prestan no Hospital Gil Casares. Esta actuación permitirá acabar coas disfuncións que provoca a impartición da docencia na actual facultade, un inmoble que pasará a ser ocupado nunha parte pola Xunta para usos institucionais

O protocolo entre as ambas partes constará de dúas fases diferenciadas. Na primeira delas, o proxecto executarase nunha parcela exenta de edificacións xunto ao Hospital Clínico e abordará as necesidades máis urxentes da titulación de Medicina. Esta parcela dedícase actualmente a aparcadoiro de superficie.

A segunda fase desenvolverase no espazo ocupado polo Hospital Gil Casares e abordará o resto de necesidades da titulación de Medicina e tamén as necesidades específicas das titulacións de Odontoloxía e Enfermaría. Tal como establece o protocolo, a Xunta e a USC contribuirán ao financiamento da construción do novo edificio.

Colaboración entre as partes

No eido urbanístico, as consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de Sanidade financiarán e elaborarán, coa colaboración da USC e, de ser o caso, do Concello de Santiago, un Plan Sectorial do Campus Vida e de atención sanitaria especializada.

O protocolo lembra que as infraestruturas universitarias e sanitarias obxecto deste convenio teñen un carácter supramunicipal, dado que son estudos que unicamente se imparten na USC dentro do Sistema universitario de Galicia, e polo tanto afectan a totalidade do alumnado galego que potencialmente curse estas titulacións.

Ademais, as infraestruturas sanitarias son un recurso asistencial que presta servizos á poboación non residente no propio concello. Estes dous aspectos fan preciso superar o ámbito do PXOM, de modo que a figura idónea para a ordenación debe ser un plan sectorial. Isto permitirá reformar as previsións do planeamento vixente en relación co sistema xeral de equipamento universitario, acomodando as reservas ás novas necesidades da Universidades.

Ademais, a Universidade de Santiago de Compostela comprométese á cesión gratuíta á Xunta do uso dunha parte do inmovible da actual Facultade de Medicina, situado na rúa San Francisco. Esta cesión a favor da Comunidade Autónoma de Galicia será por un prazo de 75 anos e para fins institucionais. A titulación de Medicina impártase desde 1928 neste inmovible, situado na zona histórica de Santiago.

Pola súa parte, o Servizo Galego de Saúde encargárase de relocalizar as unidades e os servizos asistenciais que se atopan actualmente no Hospital Gil Casares. Tamén determinará o programa de necesidades e financiará a ampliación dos edificios do Complexo Hospitalario da Universidade de Santiago (CHUS). Finalmente, o Sergas establecerá un calendario para a execución destas actuacións.

Así mesmo, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asume o compromiso de iniciar os trámites para dispoñer dos instrumentos xurídicos necesarios para levar a cabo parte do financiamento da actuación relativa á Facultade de Medicina.

Pola súa banda, a Consellería de Facenda comprométese a xestionar coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social o mantemento da cesión da parcela do Hospital Gil Casares, actualmente da súa titularidade, para os novos usos docentes e asistenciais resultantes dos compromisos adquiridos no protocolo.

Concurso de ideas

Como inicio das actuacións, a Universidade de Santiago xa convocou o concurso de ideas para a actuación, cun custo de 60.500 euros. Este concurso foi financiado pola Consellería de Sanidade.

Para a execución e seguimento destes acordos, a Xunta e a Universidade de Santiago de Compostela acordan crear unha comisión de seguimento integrada por

representantes de cada unha das partes, que velará polo cumprimento dos compromisos acadados e a interpretación das dúbidas que poidan xurdir.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PROXECTO SECTORIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DAS GÁNDARAS, EN LUGO, PARA FLEXIBILIZAR AS CONDICIÓNNS DE USO DO SOLO

- *O obxectivo é dar unha resposta máis áxil ás necesidades que mostra o mercado no proceso de comercialización do solo empresarial deste parque*
- *A modificación permite compatibilizar determinados usos industriais e comerciais en parcelas inicialmente destinadas a un tipo de uso*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación puntual do proxecto sectorial do parque empresarial das Gándaras, en Lugo, co obxectivo de dar unha máis áxil resposta ás necesidades que mostra o mercado no proceso de comercialización do solo empresarial deste parque. A modificación puntual do proxecto sectorial permite flexibilizar as condicións establecidas nas súas ordenanzas para axustalas á demanda real.

Coa modificación aprobada hoxe, permítese compatibilizar determinados usos industriais e comerciais nas parcelas inicialmente destinadas en exclusiva a un tipo de uso, con criterios moi restritivos e que dificultan a implantación de empresas que desenvolven as dúas actividades en parcelas que non están cualificadas como de uso mixto. A modificación facíase imprescindible unha vez que boa parte do solo cualificado como mixto está xa vendido e unicamente quedan neste sector parcelas de tamaño grande.

O parque empresarial das Gándaras conta con preto de 150.000 metros cadrados de superficie de uso industrial, máis de 157.000 metros cadrados de uso mixto e preto de 76.000 metros cadrados de superficie de uso terciario.

Ademais, modifícanse outras normas para adaptarse á lexislación vixente, relativas á limitación de superficie máxima para determinados usos, parcelacións, segregacións, etc., para adecualas á lexislación vixente.

As modificacións introducidas no proxecto sectorial afectan unicamente as súas ordenanzas do mesmo, polo que non introduce ningún cambio nas superficies ou número de parcelas do parque empresarial das Gándaras.

A XUNTA REFORZA OS SERVIZOS DE ASESORAMENTO EMPRESARIAL A TRAVÉS DUN CONVENIO CON FEGAXE QUE BENEFICIARÁ A 1.000 EMPRENDEDORES GALEGOS

- *A Federación Galega de Xoves Empresarios organizará, conxuntamente coa Consellería de Economía, Emprego e Industria, xornadas e talleres de contido xeral ou sectorial nas catro provincias galegas*
- *O Igape achegará preto de 90.000 euros para o desenvolvemento destas actividades ata decembro do próximo ano*
- *Este novo acordo complementa os servizos da Unidade Galicia Emprende, a través da que xa se formaron máis de 1.600 emprendedores e se facilitou a creación de preto de 250 empresas*
- *O Igape, que duplicou este ano o seu programa xeral de axudas aos emprendedores, ata chegar aos 3,7 millóns de euros, tamén conta con aceleradoras que apoian a creación e consolidación de novas compañías galegas*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria reforzará, a través do Igape, a colaboración coa Federación Galega de Xoves Empresarios (Fegaxe) para incrementar os servizos de formación e asesoramento aos novos empresarios e aos emprendedores, no marco do convenio que vén de autorizar o Consello da Xunta.

Ao abeiro deste acordo, que conta cunha achega pública de preto de 90.000 euros, Fegaxe organizará, conxuntamente co Igape, xornadas e talleres de contido xeral ou sectorial nos cales poderán participar, ata decembro do próximo ano, arredor de 1.000 empresarios ou emprendedores de toda Galicia.

Deste xeito, a Fegaxe seguirá colaborando activamente coa Xunta para complementar o desenvolvemento, ao abeiro da Lei de emprendemento, de actividades relacionadas cos servizos da Unidade Galicia Emprende, que formou e asesorou desde a súa posta en marcha a máis de 1.600 promotores de proxectos emprendedores e facilitou a creación de preto de 250 novas empresas.

Ademais de seguir colaborando co Igape nos labores de formación e asesoramento da Unidade Galicia Emprende, para procurar a consolidación de proxectos empresariais promovidos por emprendedores, a Fegaxe organizará ata decembro do ano próximo xornadas xenéricas e especializadas por sectores para contribuír á creación e á consolidación de novas empresas viables sobre o territorio.

No marco de convenio, que se estende ao longo deste ano e do que vén, a Fegaxe promoverá, conxuntamente co Igape, a organización de eventos de formación e asesoramento a través de tres eixes diferentes: a conversión de ideas en empresas; o

impulso ás actitudes intraemprededoras nas novas compañías, e a promoción e o intercambio de experiencias e alianzas empresariais.

Así, por unha banda, celebraranse xornadas e talleres orientados a apoiar a conversión de máis de 200 ideas en proxectos e en empresas, tanto nas sete principais cidades galegas (A Coruña, Ferrol, Lugo, Santiago, Pontevedra, Ourense e Vigo) como noutras localidades de menor dimensión, unha por cada unha das catro provincias. Ademais, celebrarase en Pontevedra o *Urban Start Up Camp*, que durante tres días xuntará a 150 emprendedores.

Por outra banda, organizaranse por toda Galicia encontros centrados na especialización de directivos e novos empresarios para crear actitudes intraemprededoras dentro das novas empresas. Por exemplo, celebraranse 11 obradoiros de formación nas sete principais cidades galegas e 4 localidades de menor dimensión -tamén unha por provincia- e nos cales participarán arredor de 220 participantes -20 por cada un dos 11 encontros-.

Finalmente, promoveranse intercambios de experiencias e alianzas ou acordos de cooperación entre novos empresarios. Haberá un *networking* sobre a industria en Santiago e encontros especializados sobre internacionalización (Santiago, A Coruña e Vigo), sobre o sector téxtil (A Coruña), sector agropecuario (Ourense), industria pesqueira (Vigo), unha feira de servizos (Lugo), un *networking* sectorial galego (Ferrol) e xornadas empresariais alimentarias e rurais (en diferentes zonas da provincia de Lugo).

Seguindo o camiño marcado pola Lei de emprendemento e polo labor da Unidade Galicia Emprende, a Xunta aposta por seguir potenciando o emprendemento en Galicia durante os próximos anos, con especial atención ao emprendemento industrial e ao emprendemento no ámbito rural. Así, a través dun completo plan de apoios financeiros, o programa xeral de axudas a emprendedores do Igape duplicou a súa dotación, ao pasar dun orzamento de 1,6 M€ en 2015 a 3,7 M€ na convocatoria de 2016.

Mediante a colaboración coa Fegaxe, a Xunta tamén dá un novo pulo aos labores de apoio á creación e consolidación de novas empresas que está a desenvolver coa cooperación con entidades especializadas como a EOI, coa que formará e asesorará nos próximos meses arredor de 1.750 emprendedores mediante sete espazos *coworking* habilitados en Ferrol, Cabana de Bergantiños, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Celanova, Xinzo de Limia e Santiago.

Este mapa galego de emprendemento complétase con máis doutra ducia de aceleradoras: Agrobiotech, especializada en impulsar o arranque de empresas con gran

potencial en ámbitos como a biotecnoloxía, a agroalimentación e a biomasa, con sedes en Lugo e Ourense; *Vía Galicia*, unha aceleradora de emprendemento innovador en que a Xunta colabora co Consorcio da Zona Franca, con sedes en Vigo e Lugo; *Galicia Open Future*, dedicada en Santiago ao emprendemento tecnolóxico e na que colabora con Telefónica; *Connecting for Good Galicia*, que se desenvolve en Santiago con Vodafone; ou a *Business Factory Auto*, un proxecto de recente creación en Vigo en que tamén participan Citroën, o Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (Ceaga) e o Consorcio da Zona Franca.

A XUNTA E ATIGA IMPULSAN CON PRETO DE 500.000 EUROS A BUSCA DE OPORTUNIDADES NO ÁMBITO DA FÁBRICA INTELIXENTE PARA EMPRESAS GALEGAS DOS SECTORES ESTRATÉXICOS

- *Economía, Emprego e Industria achega o 70% do orzamento previsto para a elaboración dun estudo en colaboración coa asociación que reúne os centros tecnolóxicos Aimen, Anfacoc- Cecopesca, CTAG, Energylab, Gradient e ITG*
- *O convenio, pioneiro en Galicia, permitirá coñecer as mellores oportunidades para que as pemes avancen na súa modernización no camiño cara a Industria 4.0*
- *Avaliaranse as oportunidades en 10 sectores: agroalimentación e bio, automoción, madeira-forestal, naval, metalmecánico, téxtil-moda, aeronáutico, TIC, enerxías renovables e pedra natural*
- *O traballo complementará iniciativas xa desenvolvidas desde a Xunta como o Concurso de Ideas 4.0, as axudas a proxectos colectivos de formación en técnicas 4.0, ou os programas ReAcciona e ReAcciona TIC*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración pioneiro en Galicia entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, e a Asociación de Centros Tecnolóxicos de Galicia (Atiga) co obxecto de localizar e avaliar as mellores oportunidades para que as pemes galegas poidan avanzar no seu proceso de reindustrialización e modernización no camiño cara á Industria 4.0.

O convenio facilitará a realización dun completo estudo de oportunidades no ámbito da fábrica intelixente, cun enfoque da estratexia tecnolóxica e a correspondente proposta de recomendacións e actuacións específicas. O orzamento previsto para a elaboración do estudo será de preto de 500.000 euros, dos que o Igape achegará o 70% do investimento, mentres que Atiga, que reúne os centros tecnolóxicos Aimen, Anfacoc- Cecopesca, CTAG, *Energylab*, Gradient e ITG, se fará cargo do 30% restante.

Este proceso de análise incluírá un estudo xeral e informes sectoriais en que se localizarán oportunidades concretas de modernización e industrialización tecnolóxica en 10 sectores estratéxicos para o tecido económico galego: agroalimentación e biotecnoloxía, automoción, madeira-forestal, naval, metalmecánico, téxtil-moda, aeronáutico, TIC, enerxías renovables e pedra natural.

Ademais, dentro de cada sector, estableceranse as diferentes posibilidades e opcións de modernización e tecnificación, en función das características das pemes e os niveis de desenvolvemento tecnolóxico-industrial de partida.

O convenio enmárcase dentro da aposta da Consellería de Economía, Emprego e Industria por impulsar o desenvolvemento da Axenda de Competitividade Galicia-Industria 4.0 como instrumento estratéxico para a modernización industrial de Galicia.

Dentro da Axenda inclúese un enfoque estratéxico dirixido á formación, información e difusión, unha medida prioritaria dirixida á intelixencia competitiva para permitir a prestación de servizos de vixilancia de mercados e de oportunidades para as empresas.

Para desenvolver esta medida prioritaria, o Igape establece a colaboración coa Asociación de Centros Tecnolóxicos de Galicia, que ten entre os seus obxectivos favorecer a cooperación entre os seus asociados, potenciar a relación cos demais axentes do sistema de investigación, desenvolvemento e innovación, impulsar políticas adecuadas para o seu desenvolvemento e prestar servizos de alto valor engadido aos seus membros.

Este estudo e localización de oportunidades de industrialización no ámbito 4.0 complementará iniciativas xa desenvolvidas desde a Xunta como o Concurso de Ideas 4.0 a través do que se concederon 2,9 millóns de euros a catro proxectos dos clústers Ceaga (automoción), Clusaga (alimentación), Asime (aeronáutico) e o Clúster da Madeira e o Deseño; as axudas a proxectos colectivos de formación en técnicas 4.0, ou a programas como ReAcciona e ReAcciona TIC, que este ano contribuirán ao desenvolvemento de 1.500 proxectos de mellora en arredor de 1.000 pemes galegas, cunha dotación de 9 M€, incluíndo o orzamento para as 100 bolsas para novos titulados en programas de mellora competitiva.

A XUNTA E O INSTITUTO PADRE SARMIENTO REFORZAN AS ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN SOBRE HISTORIA E PATRIMONIO

- ***A Consellería de Cultura e Educación financiará con 72.000 euros a posta en marcha de liñas específicas sobre a configuración identitaria de Galicia desde o medievo***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento reforzan a súa colaboración para o desenvolvemento de actividades específicas de investigación en materia de historia e de patrimonio.

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio entre o departamento que dirixe Román Rodríguez e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) segundo o cal a Consellería financiará con 72.000 euros unha serie de actividades levadas a cabo polo Instituto Padre Sarmiento.

Ao abeiro deste convenio, o Padre Sarmiento poderá reforzar as súas liñas de traballo en dous ámbitos: sobre historia social do poder desde a Idade Media, e sobre o patrimonio e identidades de Galicia.

No primeiro deles, este Instituto (que depende do CSIC) traballará en investigacións sobre inventario de inscricións epigráficas, representacións heráldicas, monumentos funerarios e arquitectura militar e de pazos. O obxectivo último é contribuír ao correcto estudo, protección, conservación, difusión, fomento e contextualización destas testemuñas, que son pezas singulares do patrimonio cultural de Galicia.

No ámbito do patrimonio e identidades de Galicia, o obxectivo dos traballos é coñecer con maior definición e profundidade o variado conxunto de bens patrimoniais (capelas, fortalezas, igrexas, mosteiros, pazos, pontes...) arredor do Camiño de Santiago francés ao seu paso por Galicia e, con especial atención ás institucións asistenciais existentes neste treito. Deste xeito, afondarase no estudo de aspectos como o estado de conservación, a historia, a veracidade e a estreita vinculación destes bens co fenómeno das peregrinacións.

Este acordo forma parte do Convenio marco asinado en 2012 entre a Xunta e o CSIC relativa ao Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, un Instituto que ten como obxectivos a análise do patrimonio e o seu papel na configuración dos sinais identitarios de Galicia e dos galegos desde o medievo ata a actualidade.

A VICEPRESIDENCIA DA XUNTA E A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN REFORZAN A COLABORACIÓN PARA FORMAR TÉCNICOS EN EMERXENCIAS E SALVAMENTO

- *A Xunta destina preto de 390.000 euros a estes ciclos de grao medio, cuxa docencia se desenvolve de xeito compartido entre as instalacións do IES Antón Losada Diéguez e as da Academia Galega de Seguridade Pública, ambos na Estrada*

A Vicepresidencia e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria reforzan a colaboración na formación do alumnado do ciclo formativo de grao medio en Emerxencias e Protección Civil e das ensinanzas deportivas de Salvamento e Socorrismo, para o curso 2016/17.

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha addenda que dá continuidade ao Acordo asinado en 2015 a través do cal se impartiron, por primeira vez no curso pasado, este tipo de ensinanzas de xeito compartido nas instalacións do IES Antón Losada Diéguez e da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp), ambos na Estrada.

Deste xeito, no marco do compromiso do Goberno galego de ofertar unhas ensinanzas públicas da maior calidade e con mellores opcións para a empregabilidade, favorécese que os estudantes obteñan a cualificación máis completa no campo da seguridade e do salvamento

Estas ensinanzas - derivadas do desenvolvemento da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación- impartíronse por primeira vez no curso pasado mediante unha oferta única, é dicir, que a excepción do mencionado IES, non se imparten en ningún centro educativo público da nosa Comunidade Autónoma.

Outro dos elementos salientables desta colaboración é que os recursos da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) se suman á formación que imparte o profesorado da Consellería de Cultura e Educación e Ordenación Universitaria, deste xeito, garántese dispoñer de recursos e especialistas de alta cualificación nestas disciplinas.

Módulos impartidos na Agasp

No caso do ciclo formativo de grao medio Emerxencias e Protección Civil, impártense na Agasp os módulos de Mantemento e comprobación do funcionamento dos medios materiais empregados na prevención de riscos de incendios e emerxencias, Vixilancia e intervención operativa en incendios forestais, Intervención operativa en extinción de incendios urbanos, Intervención operativa en sucesos de orixe natural, tecnolóxica e antrópica, Intervención operativa en actividades de salvamento e rescate, Inspección

de establecementos, eventos e instalacións para a prevención de incendios e emerxencias e Coordinación de equipos e unidades de emerxencias.

E, no ciclo formativo de grao medio Salvamento e Socorrismo, impártense na Agasp os seguintes módulos deportivos do bloque específico: Instalacións acuáticas e materiais, Metodoloxía do salvamento e socorrismo, Organización de eventos de iniciación en salvamento e socorrismo e Seguridade e intervención en instalacións acuáticas, todos eles do ciclo inicial, e do ciclo final os módulos deportivos de: Escola de salvamento e socorrismo, Preparación física do socorrista, Perfeccionamento técnico en salvamento e socorrismo, Organización de eventos de tecnificación en salvamento e socorrismo, Espazos acuáticos e materiais e Seguridade e intervención en espazos acuáticos naturais.

Neste sentido cómpre salientar que a Academia Galega de Seguridade Pública, ten unha longa traxectoria formativa e na elaboración de programas formativos e na impartición de formación nestas disciplinas, así como na colaboración coas universidades e institucións docentes. Ademais, a Agasp dispón dos espazos e dos equipamentos necesarios, que os centros educativos non posúen, para a impartición destas titulacións, o que redunda nunha mellor formación do alumnado galego.

O CONSELLO DA XUNTA DÁLLES LUZ VERDE A DOUS PROGRAMAS DE PRÉSTAMOS A PARTICULARES E A CONCELLOS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS

- *O Diario Oficial de Galicia publicará mañá a orde pola que se crea o Programa de préstamos cualificados para rehabilitación de edificios e vivendas, que mobilizará 180 millóns de euros entre 2016 e 2021 e beneficiará máis de 6.000 familias*
- *O importe máximo dos préstamos será de 30.000 ou 60.000 euros, segundo sexan de tipo persoal ou hipotecario e a duración, de entre 6 meses e 15 anos, podendo ser de tipo fixo ou variable e sen comisións*
- *A orde establecerá que as actuacións que se poderán financiar serán as de adecuación estrutural e construtiva e das condicións de habitabilidade do edificio ou vivenda, así como accións de mellora de eficiencia enerxética*
- *Entre as actuacións que se poderán realizar con estes préstamos está o remate de todas as fachadas e cubertas da edificación*
- *A Xunta tamén fará pública mañá a resolución pola que se crea o Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de conservación do patrimonio construído en municipios de menos de 50.000 habitantes*
- *Este Fondo, dotado con 10 millóns de euros, facilitará que os concellos acometan actuacións de recuperación e posta en valor do patrimonio construído, optimizando ámbitos en estado deficiente de conservación*
- *Con cargo a este fondo prevese financiar obras en 1.500 vivendas, por iniciativa dos concellos en canto ás competencias que atribúe a lexislación urbanística, rexeneracións urbanas ou adquisición de inmobles para a súa posterior rehabilitación*

A Xunta de Galicia porá en marcha de forma inmediata dous novos programas de préstamos en materia de vivenda destinados a facilitar a rehabilitación tanto por parte de particulares como polos concellos de menos de 50.000 habitantes, tras darlles hoxe luz verde o Consello da Xunta. As normas que regulan ambos os programas serán publicadas mañá no *Diario Oficial de Galicia*.

Por unha parte, a Xunta crea un Programa de préstamos subsidiados para a rehabilitación de vivendas, do que se poderán beneficiar as persoas físicas promotoras de actuacións de rehabilitación cuxos ingresos non supera 6,5 veces o Iprem.

Poderán acceder a estas axudas as persoas físicas promotoras da rehabilitación, xa sexan propietarias ou teñan calquera outro título que acredite a posesión do inmovible. No caso de actuacións promovidas por comunidades de propietarios en que as obras de rehabilitación se realicen en elementos comúns do edificio, as persoas beneficiarias serán os membros da comunidade en función da súa porcentaxe de participación nas obras.

A Xunta prevé destinar máis de 10 millóns de euros ao pagamento de xuros de préstamos para a rehabilitación de vivendas no período 2016-2021 e estímase que do programa se beneficiarán máis de 6.000 familias e que o importe dos préstamos concedidos se aproxime aos 180 millóns de euros.

O importe máximo dos préstamos será de 30.000 ou 60.000 euros, segundo se trate de préstamos de tipo persoal ou hipotecario. Os préstamos terán unha duración de entre 6 meses e 15 anos, e poden ser de tipo fixo ou variable e non terán comisións. Os beneficiarios poderán solicitar un período de carencia de dous anos durante os cales non pagarán capital. Desta maneira, para os beneficiarios con ingresos que non superen catro veces o Iprem, a cota mensual dos dous primeiros anos pode ser de cero euros.

As axudas para as actuacións de rehabilitación que establece o citado programa, incluído no Plan rehaVIta, plan galego de rehabilitación, alugamento e mellor acceso á vivenda 2016-2021, prevén:

a) Préstamos concedidos polas entidades de crédito no ámbito dos convenios asinados co Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS). As condicións aplicadas aos préstamos concedidos polas entidades financeiras serán mellores que as vixentes no mercado en canto a tipo de xuro ou a inexistencia de comisións.

b) Axudas económicas directas da Xunta de Galicia, consistentes na subsidiación dos xuros do préstamo cualificado. O IGVS subsidiará ata o 100 por cento dos xuros dos préstamos por un período máximo de catro anos e para préstamos por un importe máximo de de 60.000 euros.

No seguinte cadro amósase a subsidiación dos xuros segundo os ingresos dos beneficiarios.

IPREM	SUBSIDIACIÓN MÁXIMA	DURACIÓN MÁXIMA
Menor ou igual a 4	100% dos xuros	48 meses
Maior de 4 e menor de 5,5	80% dos xuros	36 meses
Maior de 5,5 e menor de 6,5	Sen subsidiación	Duración do préstamo

A orde establecerá que as actuacións de rehabilitación que se poderán financiar a través destas axudas serán as obras de adecuación estrutural e construtiva e de adecuación das condicións de habitabilidade do edificio ou da vivenda, así como as accións de mellora de eficiencia enerxética. Tamén están incluídas obras destinadas a arranxar os edificios ou as vivendas e os seus accesos á normativa vixente sobre

accesibilidade e aquelas destinadas a adecuar o acabado xeral do edificio e das vivendas aos principios da boa construción.

Entre as actuacións que se poderán realizar con estes préstamos está tamén o remate de todas as fachadas e cubertas da edificación.

Fondo de cooperación con concellos

O Consello da Xunta tamén autorizou hoxe a creación do Fondo de cooperación como mecanismo para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes, que estará dotado con 10 millóns de euros. A resolución pola que se crea este Fondo tamén se publicará mañá no DOG.

Con este programa a previsión é facer posible a rehabilitación de 1.500 vivendas. O obxectivo do Fondo de cooperación é facilitar que os concellos acometan actuacións de recuperación e posta en valor do patrimonio construído, optimizando ámbitos en estado deficiente de conservación.

A través desta iniciativa o Goberno galego concederá préstamos sen xuro aos concellos para a realización de diversas obras de rehabilitación de edificacións, co compromiso das administracións locais de devolver as cantidades percibidas.

Con cargo ao fondo de cooperación poderán financiarse as seguintes actuacións:

1. Actuacións promovidas polos concellos no desenvolvemento das competencias que lles atribúe a lexislación urbanística, en relación cos deberes de conservación e rehabilitación.
2. Actuacións de rehabilitación e rexeneración urbanas realizadas polo concello dentro das propias políticas municipais en materia de conservación e recuperación do patrimonio construído.
3. Adquisición de inmobles para a súa posterior rehabilitación.

A Xunta publicará anualmente resolucións de convocatoria en que se fixarán o procedemento, condicións e criterios para o acceso ao financiamento, total ou parcial, das actuacións con cargo ao fondo de cooperación e se abrirá un prazo de presentación de solicitudes para que os concellos interesados poidan solicitar financiamento do Fondo de cooperación. Posteriormente asinarase un convenio de financiamento con cargo ao dito fondo en que constarán as actuacións que realizará o concello, a contía de que dispoñerá, o prazo e condicións de reintegro e as demais condicións para o acceso ao fondo

Ningún concello poderá realizar unha solicitude de disposición nin acumular a través de diferentes acordos de adhesión máis do 25 % do total do importe con que esta dotado o fondo. Ademais, o concello solicitante deberá comprometerse a incluír nos orzamentos dos exercicios seguintes, con cargo aos ingresos correntes, as anualidades previstas no convenio para a reposición dos fondos.

O Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes estará dotado cun importe máximo de 10 millóns de euros procedentes das fianzas depositadas no Instituto Galego da Vivenda e Solo. As cantidades devoltas polos concellos pasarán a integrarse novamente no Fondo para que poidan ser reutilizadas en novos préstamos.

A XUNTA INCREMENTA NUN MILLÓN DE EUROS O FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS E XERA 60 NOVOS POSTOS DE TRABALLO NOS CONCELLOS DE GALICIA

- *Grazas a esta nova medida a Xunta garante a calidade da atención deste servizo que se presta ao cidadán ao tempo que se dá resposta ao grande incremento da demanda xurdido nos últimos anos, acadándose deste xeito unha maior efectividade das medidas de loita contra a pobreza e a exclusión social*
- *O reforzo dos equipos profesionais dos servizos comunitarios municipais é unha das medidas incorporadas na Axenda Social Única de Galicia destinada a dotar de máis medios estes recursos*
- *A Axenda Social Única de Galicia constitúe un marco de reforzo das vías de coordinación e cooperación entre os axentes públicos do Sistema de servizos sociais para ofertar novos e mellores recursos e así conseguir atender nos niveis máis próximos á cidadanía que se atopa en situación ou en risco de pobreza e/ou exclusión*

A Xunta de Galicia reforzou os equipos profesionais dos servizos comunitarios municipais a través do incremento dun millón de euros que se destinarán a financiar 60 novos postos de traballo de persoal técnico de servizos sociais -traballadores sociais, educadores sociais, psicólogos- nos concellos de Galicia. Grazas a esta nova medida de reforzo dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Galicia garante a calidade da atención que se presta aos cidadáns e dá resposta ao grande incremento da demanda xurdida nos últimos anos, acadándose deste xeito unha maior efectividade das medidas de loita contra a pobreza e a exclusión social.

Esta dobre variable non se puido atallar con anterioridade debido ás restricións orzamentarias motivadas pola situación de crise económica, xusto nun momento en que a demanda de servizos sociais medrou exponencialmente por mor da propia crise, do desenvolvemento da atención á dependencia ou do envellecemento da poboación. Así, e segundo os datos que constan no Sistema de información de usuarios de servizos sociais (SIUSS), a cifra anual de persoas usuarias nos servizos sociais comunitarios municipais incrementouse considerablemente entre o ano 2010 e o ano 2015, pasando de 302.526 persoas usuarias en 2010 a 394.341 persoas usuarias en 2015 -o que representa un aumento do 30,35%-.

En desenvolvemento da Lei de servizos sociais de Galicia, o Decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento introduce como innovación un novo marco de financiamento para este recurso de titularidade municipal, co obxectivo principal de mellorar a economía dos concellos. O novo procedemento de financiamento -máis sólido e estable- integra o financiamento do Plan

concertado de prestacións básicas de servizos sociais de corporacións locais no novo marco xurídico das transferencias finalistas para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais.

Axenda Social Única de Galicia

O reforzo dos equipos profesionais dos servizos comunitarios municipais é unha das medidas incorporadas na Axenda Social Única de Galicia destinadas a dotalos de máis medios. Este texto constitúe un marco de reforzo das vías de coordinación e cooperación entre os axentes públicos do Sistema de servizos sociais para ofertar novos e mellores recursos e así conseguir atender nos niveis máis próximos á cidadanía que se atopa en situación ou en risco de pobreza e/ou exclusión. O documento parte do consenso de todos os axentes do tecido social de Galicia polo que foi referendado pola Xunta de Galicia, todos os concellos galegos a través da Fegamp e a Rede Galega contra a Pobreza EAPN-Galicia.

Ademais da creación destes 60 novos postos de traballo, a Xunta de Galicia incrementou recentemente nun 12% os módulos económicos para o financiamento do persoal dos servizos sociais comunitarios, coa finalidade de establecer o equilibrio na repartición das cargas financeiras derivadas do sostemento dos servizos sociais comunitarios municipais entre as administracións autonómica e local, de maneira que, cando menos, o financiamento do persoal responsable da prestación destes servizos se reparta ao 50% entre as corporacións locais e a Administración autonómica. Esta medida comportou un investimento adicional de preto dun millón de euros (992.000,00 €).

Así as cousas, estas dúas disposicións, no seu conxunto, supoñen un incremento neto de dous millóns de euros no orzamento destinado pola Comunidade Autónoma de Galicia ao financiamento do persoal dos servizos sociais comunitarios municipais, que totaliza unha subida do 24%.

A Axenda Social Única de Galicia formula respostas adaptadas ás características que presentan as novas situacións de pobreza e exclusión a consecuencia dos cambios estruturais na sociedade actual. O documento atende de xeito principal a un perfil de familias que rexistran actividade económica e baixos ingresos e que, por diversas razóns, non acceden aos dispositivos de axuda de inclusión. Estas familias, especialmente aquelas con menores de 16 anos a cargo e con ingresos de traballo inferiores aos limiares da Risga son as principais destinatarias da Axenda Social.